



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

## ANUNCIO

Polo presente, en cumprimento do disposto no art. 44 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, faise público que con data 12 de marzo de 2024 ditouse a seguinte Resolución da Alcaldía 106/2024, que literalmente se transcribe:

### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** DELEGACIÓN DA COMPETENCIA DA ALCALDÍA NO CONCELEIRO, SR. CAÑIZO GARRIDO, PARA A CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL

**EXPEDIENTE:** 2024/X006/000048

Visto o Auto de data 30/11/2023 do Xulgado de Paz-Rexistro Civil de Malpica (RXE núm. 202400000000841, de data 01/03/2024) relativo á celebración de matrimonio civil entre MMF e MARE.

Vista a comunicación presentada polos interesados, para que o matrimonio sexa celebrado polo Concelleiro, Sr. Cañizo Garrido.

Visto o establecido nos art. 51.2.1º do Código civil e no art. 21.1 s) e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e nos arts. 43.3 e 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de , Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

### RESOLVO:

**Primeiro:** Delegar no concelleiro, Sr. Cañizo Garrido, a competencia para celebrar o matrimonio civil entre MMF e MARE, o vindeiro día 16 de marzo de 2024 (sábado), ás 13:00 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello de Malpica de Bergantiños. Non obstante, se por algunha circunstancia o concelleiro, Sr. Cañizo Garrido, non pódese exercer a citada delegación a competencia será exercida/asumida por esta alcaldía, órgano delegante.

**Segundo:** Notificar a presente ao concelleiro, Sr. Cañizo Garrido, surtindo efectos desde o día da súa aceptación con independencia da data da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro:** Proceder á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios electrónico do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.  
CVD: GS2w0oVDZ+7Nn3x5+Yoy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura á marxe  
O Alcalde,**

**Eduardo J. Parga Veiga**